

OllOs

de aula

ANO 1 - Nº 3
Decembro 2012- xaneiro 2013




Revista para as familias do alumnado

Reforzo
educativo

Temos que
axudarlles
cos deberes?

Os xoguetes
do Nadal





A pregunta

Temos que axudar aos nosos fillos/as cos deberes?



Responde: Mª Teresa Díaz López

[Orientadora do CEIP Alexandre Bóveda. Redondela]
[Membro da Asociación Profesional de Orientadores de Galicia "Faro das Cíes"]

Esta é unha dúbida comprensible, sobre todo se pensamos na importancia do labor das familias, xunto co da escola, na formación dos hábitos de estudo.

A axuda nas tarefas debe variar en función da idade, do ritmo de traballo e das posibles dificultades, pero sempre tenderemos a que traballen de xeito autónomo, coa menor intervención pola nosa parte (especialmente a partir do primeiro ciclo de Primaria). No caso de dificultades coa lectura ou coa comprensión, axudaremos un pouco máis. O noso labor será, pois, o de **supervisar**, o que non implica estar presente todo o tempo, nin facer o traballo con eles. Nunca debemos borrar, arrancar follas, dicirlles que o fan mal ou falar mal do profesorado que manda as tarefas.

Pero axudar tamén é proporcionarlles un **espazo ordenado**, ben iluminado, sen moitos elementos que distraian, cunha cadeira e unha mesa axeitadas á idade e cun horario escolar situado en lugar visible. Débese ter o costume de consultar diariamente a agenda para ver que tipo de tarefas traen para facer e así establecer un **plan de traballo**: *que tes que facer, para cando, por onde vas empezar...* É bo tamén que dispoñan dun **horario de actividades** da tarde, onde o estudo ocupe un tempo, pero cun **límite razoable** que non impida outras tarefas. Cando hai dificultades para manter a atención ou para organizarse, haberá que repartir o traballo en períodos máis curtos e a supervisión será máis constante.

O tempo dos deberes non ha de ser unha loita diaria nin ocupar máis tempo do necesario. Se ocorre isto, o rendemento dos nosos fillos/as non é bo e debemos coñecer as causas. O orientador/a é a persoa indicada para axudarnos en cada caso.



Os xoguetes do Nadal

Belén Caballo Villar

Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da
Universidade de Santiago

Xogar é fundamental en calquera etapa da vida, pero resulta imprescindible na infancia. O xogo é un mecanismo natural de aprendizaxe e a través del desenvolvemos capacidades físicas (coordinar movementos, resistencia, equilibrio...), sensoriais (tacto, oído...), sociais (relacionarnos cos demais, asumir normas, aprender a vivir positivamente o éxito e o fracaso, a tomar decisións...) e comunicativas (a expresar o noso acordo ou desacordo, a argumentar o noso punto de vista...). Podemos xogar sen xoguetes, e é importante aprender ás nosas rapazas e rapaces a divertirse con calquera cousa. Moitas veces o fundamental non é tanto o enredo en concreto, senón ter tempo para xogar e compañía para facelo. Aínda así, o xoguete pode facilitar e estimular o xogo.


Suxestións para a esollha dos xoguetes

Agora que se achega o Nadal, non está de máis lembrar algunhas pautas que hai que ter en conta á hora de seleccionar os agasallos. O xoguete que regalemos debe ser querido polo neno ou nena. Cómpre sondear desde varios meses antes que lles gustaría e por que, pensalo desde as súas preferencias e afeccións para ir madurando a idea e non mercar o primeiro que vexamos, ou aquilo que estea de moda, se anuncie na televisión ou nos catálogos das áreas comerciais. O xoguete debe servir para xogar e non ser simplemente un obxecto de consumo que só fai ilusión o día que se recibe.

É tamén moi importante buscar aquilo que se axeite á idade do pequeno, que cumpra criterios de calidade e seguridade. Para iso hai que lle mirar con calma a etiqueta, ver de que materiais está feito, mellor -por exemplo- madeira ca plástico, contamina menos e sempre se pode reparar; onde se fabricou, canto máis preto menos contaminación provoca o seu transporte e -teoricamente- as condicións laborais de quen



o fabrica son máis dignas; e comprobar se leva o símbolo CE, que indica que o xoguete cumpre os requisitos de seguridade que marca a lexislación. Cómpre pensar que capacidades e valores desenvolve o xoguete (agresividade, cooperación, igualdade, violencia, creatividade...), e non debemos elixilo en función de se é nena ou neno. Sempre é beneficioso gozar de xoguetes variados, diversificar e posibilitar tempos de xogo individual e compartido, con outros nenos e nenas, pero tamén cos pais e nais.



Debemos ter en conta que non sempre é mellor o xoguete máis caro. Con frecuencia, os máis sinxelos son os que ofrecen maiores posibilidades de diversión porque teñen menos elementos mecanizados, dan máis liberdade para empregalos e facilitan o desenvolvemento da imaxinación. Tampouco debemos regalar moitos xoguetes a un tempo. O exceso leva a non valorar o que se ten; ademais, non por ter máis xoguetes van xogar máis ou mellor.

Por último, e pensando na cantidade de lixo que xeramos, mellor elixir enredos que traian poucos envoltorios e, a poder ser, sen pilas.

Bo Nadal... con tempo para xogar!

{APOIO/REFORZO EDUCATIVO}

Comecemos
cun exercicio

de imaxinación: supoñamos que nos nomean adestradores dun equipo de fútbol infantil. Non coñecemos os xogadores porque acabamos de chegar ao club. Ademais, o presidente dinos que en catro días comeza a liga. Xa nos sentimos bastante apertados, pero aínda queda o peor. Ese mesmo día, pola tarde, xuntamos a todos os xogadores nunha sesión inicial de adestramento para ir preparando as estratexias e... aínda nos poñemos máis nerviosos: hai algúns xogadores que, máis ou menos, saben pegarlle ao balón e coñecen as regras básicas de xogo. Pero hai outros que se anotaron no equipo para non pasar toda a tarde vendo a tele e que apenas saben darlle ao balón ao dereito. Algúns non aguantan correndo cinco minutos seguidos e caen desfeitos sobre a



herba.

E hai dous que collen

o balón coa man para meter na portaría

porque pensan que se fai así... E aí vai a pregunta do millón:

como faríamos para solucionar ou, polo menos, irlle dando xeito á cousa?

O sistema educativo actual propón que os xogadores en peor forma física ou que non practicaron nunca fútbol dediquen algún momento do adestramento a mellorar a súa resistencia e o manexo básico do balón, para o que, ademais, contarían cun adestrador extra que os atendería persoalmente. En canto adquirisen o fondo físico necesario e controlasen minimamente a pelota no campo, pasarían a traballar a tempo completo co resto do grupo.


O reforzo educativo non consiste en sentar no banco, en apartar, senón que é unha oportunidade para mellorar, coller o ritmo e poder xogar no equipo.

CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler

Neste tempo de Nadal temos unha lectura clásica esencial: *O Canto de Nadal* de Charles Dickens. Se ademais vén da man do selo editorial Kalandraka, podemos supor que estamos ante unha alfaia. Aínda máis, esta edición vén iluminada por un dos mellores ilustradores do século XX: Roberto Innocenti. Isto significa que este libro vén de se converter nun imprescindible en calquera fogar galego. Porque a boa literatura non ten idade e porque a imaxe que a acompaña é o mellor cadro de calquera museo: todo xunto ao alcance da nosa man... e do noso peto.



Para visitar

Ata o 31 de marzo temos a oportunidade de achegarnos ao Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) para contemplar a exposición “A Balea Negra” que ten como punto de partida o accidente do petroleiro “Prestige” nas nosas costas hai dez anos. Pero hai moito máis: a sobreexplotación dos nosos recursos naturais, a economización do mercado enerxético, as inxustizas sociais... con máis de cincuenta propostas artísticas en diversos soportes, dende pezas históricas ata obras máis recentes de pintura, fotografía, escultura, vídeo, cinema, debuxo e instalacións.



Para oír

«Bicos de música» é a nova entrega musical de Mamá Cabra que publica a editorial Galaxia. Estamos ante un libro ilustrado coas letras das cancións, un CD cos temas de letras ben alegres e un DVD con karaoke. Todo xunto é un estupendo agasallo para un Nadal no que nenos e nenas acompañarán coas súas voces, cos seus pés e mesmo coas ganas de bicar. Porque a música é maxia, e Mamá Cabra ben o sabe. E quen non precisa de maxia!



Da lingua

Facer ben os deberes

Hai unhas semanas, fíxose público o 3º Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o grao de cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, un tratado internacional que o goberno de José María Aznar asinou e ratificou no ano 2001 e que dende entón España debe aplicar e cumprir. [Informe dispoñible en <http://ir.gl/a1d564>]

Nese tratado fálese da protección e promoción de linguas como o galego, que precisan dun reforzo institucional que permita aos falantes do noso idioma poder desenvolverse nunhas condicións mínimas de igualdade con respecto aos usuarios das denominadas linguas estatais, como o español.

Pois ben, nese informe, que responde a datos obxectivos e non a intereses partidistas, as autoridades europeas danlle un tirón de orellas á Xunta de Galicia, pois consideran que o actual goberno autonómico incumpre as súas obrigas con respecto á promoción pública do galego.

De modo resumido, os expertos europeos sinalan que a Xunta debería rectificar a súa política lingüística en materia educativa, pois constatan unha progresiva redución do galego no ensino, debido á aplicación do Decreto para o Plurilingüismo. Así mesmo, amosan a súa preocupación polo feito de que o alumnado poida rematar os estudos obrigatorios sen ter capacidade plena para expresarse con mínima corrección na nosa lingua. E, por último, instan á Xunta a que oferte ensino en galego ás familias que así o desexen, especialmente na etapa de infantil.

Todos eses datos deberían levar á reflexión ás autoridades políticas que teñen a obriga de *coidar a saúde* do noso idioma, pois sempre será mellor para a convivencia deixarse guiar polo criterio de persoas expertas que procuran preservar a riqueza lingüística da comunidade europea.

